


**TEMA 7. FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA (II):**

**FRIEDRICH NIETZSCHE**



1844-1900

# **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

## **(PREGUNTAS TEÓRICAS ABAU)**

### **1) NIETZSCHE: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL**



#### **ESQUEMA XERAL TEMA 7**

##### **A) CONTEXTO NIETZSCHE**

- ☉ O CONTEXTO CULTURAL E HISTÓRICO
- ☉ CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO (VIDA E OBRAS)

##### **B) TEORÍA DE NIETZSCHE**

**B.1.- NIETZSCHE: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL**  
(VISIÓN GLOBAL PERSOAL con bastantes textos)

**B.2.- NIETZSCHE: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL**  
(VISIÓN GLOBAL “ACADÉMICA” para complementar)

**C.- Relación de Nietzsche coa Historia da Filosofía “xeral”**

**D) ☉TEXTOS NIETZSCHE**

## ➤ O CONTEXTO CULTURAL E HISTÓRICO no que se atopa

Nietzsche é o século XIX, un século moi dinámico marcado por **infinidade de cambios e novas filosofías que intentarán esclarecer a vida, o mundo e o home dende diversas perspectivas**. No último terzo do século XVIII e ata a primeira metade do XIX o **idealismo afiánzase como unha das máis importantes correntes filosóficas**. Partindo de Kant, os idealistas alemáns darán un paso máis na dirección da consolidación da filosofía da subxectividade con Hegel e o seu idealismo absoluto.

A mentalidade da época e o marco cultural de reacción ao hegelianismo, leva á **aparición de correntes irracionaisistas**. Schopenhauer converterase nun dos máis grandes representantes do pensamento antirracional e antimetafísico. O seu pesimismo, a súa visión da vida coma dor, como mal, a súa ética determinista e todo o seu pensamento –de grande influencia en Nietzsche- pronto se enfrontará a unha postura contraria: **O POSITIVISMO**, que só reconece como realidade auténtica os feitos sensibles e non se pregunta polo “por qué” das cousas senón só polo “cómo” delas.

Acompañando o desenvolvemento ideolóxico e político e a renovación da cultura europea, **SUCÉDENSE DENDE MEDIADOS DE SÉCULO UN CONXUNTO DE PENSADORES QUE PRESENTARÁN TEORÍAS FILOSÓFICAS CUXO EIXO SERÁ A EXALTACIÓN DO VITAL E O AFECTIVO FRONTE AO EXCESIVO RACIONALISMO DE HEGEL, DO MARXISMO E MESMO DO POSITIVISMO DE COMTE. TRÁTASE DAS FILOSOFÍAS DA VIDA.**

Os novos pensadores **NEGAN A PRIMACÍA DA RAZÓN**, tanto na natureza coma na actividade humana. **A RAZÓN, AO CONTRARIO DOS FILÓSOFOS DE COMEZOS DE SÉCULO, NON VAI SER O CAMIÑO VÁLIDO PARA COÑECER A REALIDADE ( LEMBREMOS QUE MARX , FREUD E NIETZSCHE SON OS FILÓSOFOS DA SOSPEITA DE QUE A RAZÓN NON É O FUNDAMENTO).** ESES FILÓSOFOS QUE AFIRMAN O IRRACIONALISMO E DEFENDEN A VIDA COMO REALIDADE RADICAL SON SCHOPENHAUER, NIETZSCHE, BERGSON, E, NO PLANO DO HISTORICISMO E DO RACIOVITALISMO DILTHEY E ORTEGA Y GASSET, RESPECTIVAMENTE. A agrupación de tódolos autores baixo a denominación de “vitalismo” ten algo arbitrario pois as súas filosofías son moi distintas. Polo que respecta a Nietzsche, a exaltación da vida maniféstase na proclamación da vida como vontade de poder. Só alí onde hai vida, hai vontade. Pero non unha sinxela vontade de vivir senón vontade de dominio, de poder, de forza, impulso vital, a lei do máis forte.

## ➤ **CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO (VIDA E OBRAS)**

Friedrich Nietzsche, autor alemán do século XIX, pertencente á Filosofía Contemporánea. A súa filosofía pode denominarse como **VITALISMO e IRRACIONALISMO**, aínda que resulta complexo poñerlle etiquetas ao seu pensamento. Nace o 15 de outubro de 1844 en Röcken, cidade alemá cercana a Leipzig. Procedente dunha familia de pastores luteranos, o seu pai morre, home culto e delicado, cando el tiña cinco anos. Isto fará que Nietzsche sexa educado nun ambiente exclusivamente feminino coa súa nai, avoa paterna, a súa irmá e tres tías. Nietzsche fará alusión a isto máis adiante dicindo que “**EN REALIDADE, EU EDUQUEIME A MIN MESMO**”. O feito de ser educado por mulleres enténdeo como a falta dunha rigorosa dirección varonil.

Dende cativo vai amosar unha grande precocidade. Destacou como alumno aplicado e intelixente no só nos seus estudos escolares senón tamén na formación musical. Os seus primeiros estudos os vai realizar na escola humanística de Pforta, cunha clara orientación relixiosa.

En contra dos desexos da a súa nai, ingresa na Universidade de Bonn para estudar Teoloxía e Filoloxía Clásica. Entra en contacto co pensamento de Shopenhauer e coñece a Wagner, dúas

personalidades que lle influirán fondamente nesta época. Admira a Wagner polo seu espírito libre e ve rexurdir nel os valores clásicos xermánicos fronte ao cristianismo.

En 1868 con só 24 anos, obtén a Cátedra de Filoloxía Clásica na Universidade de Basilea (Suíza). Ofrécese e participa indirectamente, como enfermeiro voluntario, na guerra franco-prusiana do 1870. Tamén neste ano escribe *O nacemento da traxedia grega segundo o espírito da música* que vai a ser moi mal recibida nos círculos académicos.

A partir destes momentos, a súa situación de saúde empeora de xeito crecente. A dor de cabeza que sofre dende os 12 anos vai a máis e tense que medicar fortemente. Vai a Italia e coñece a Lou Andreas Salome, da que se namora fondamente aínda que os sentimentos non van ser correspondidos.

Rompe a relación con Wagner a raíz da ópera *Parsifal*. Os seus problemas de saúde obríganlle a abandonar a docencia universitaria no ano 1878. Dedicase a escribir e publicar a súa obra e os seus amigos conseguen unha pensión para el da Universidade de Basilea. Así inicia a súa longa viaxe cara climas favorables e repouso total: Suíza, Italia, e Francia.

En 1889, estando en Turín, maniféstanse signos de loucura. Ingresa nunha clínica en Basilea na que lle diagnostican “rebrandecemento cerebral e parálise progresiva”. Ten, nese momento, 45 anos. Canso, a súa obra logra eco internacional mentres el vive nunha escuridade mental ao cargo da súa nai e da súa irmá Elisabeth, que será a encargada de publicar os seus escritos póstumos. En 1900, tras unha década de pouca lucidez, morre como consecuencia dunha apoplexía.

## **OBRAS DE NIETZSCHE**

### **1.- Período Romántico. Filosofía da noite. (1.871-1.878)**

Nietzsche inspírase nos presocráticos (Heráclito), Schopenhauer e na música de Wagner.

- *O nacemento da traxedia grega segundo o espírito da música*. (Escrita en honor a Wagner).

Contrapón:

-**Diónisos** (vida)

- **Apolo** (formas).

**Crítica á filosofía socrática e platónica** → Decadentes)

- *Sobre a verdade e mentira en sentido extramoral*

- *Consideracións intempestivas*.

### **2.- Período positivista. Filosofía da mañá. (1.878-1.883)**

**Ataca á relixión, á metafísica, á arte. Ruptura con Wagner. Abandono de Schopenhauer.**

**Inspírase en Voltaire e nos ilustrados franceses.**

- *Humano, demasiado humano*

- *Aurora* (Crítica á moral)

- *A Gaia Ciencia* (Desenmascara as figuras do santo, artista, sabio).

### **3.- A mensaxe de Zaratustra. Filosofía do mediodía. (1.883-1.885)**

- *Así falou Zaratustra. Un libro para todos e para ninguén*.

Obra básica. Poética, profética. **Nova Biblia**. Chea de metáforas (Poesía ⇔ Filosofía).

**Zaratustra** ⇨ profeta persa que predicou a moral dos escravos e se converte. Retírase á montaña ao cumprir os 30 anos, e alí vive con dous animais: **aguia = orgullo; serpe = intelixencia**. Alcanza a sabedoría e baixa a predicarlle á humanidade.

1ª Parte: Superhome e Morte de Deus.

2ª Parte: Vontade de Poder

3ª Parte: Eterno retorno.

### **4.- Período crítico. Filosofía do atardecer. (1.885-1.889)**

**Ataca directamente a toda a cultura occidental: a relixión, a filosofía, a moral tradicionais.**

Este período enlaza co segundo pola súa intención e incluso pola metodoloxía empregada. Pero é **moito máis violento e apaixonado**. É Zaratustra que baixa da altura á profundidade, cara a unha civilización que está no seu ocaso -o atardecer-, minada polo nihilismo. **A expresión é cada vez máis agresiva**. A figura é o filósofo “a marteladas”, que maldí ao “último home” (o que precede ao superhome).

- Para alén do ben e do mal (Filósofos ⇒ homes dirixidos por prexuízos morais; Relixiosos ⇒ homes neuróticos; Moralistas ⇒ homes vingativos).

- A xenealoxía da moral, un escrito polémico (1.887)

Crítica aos valores tradicionais da moral occidental. O método xenealóxico pretende ser unha investigación etimolóxica e histórica da “*evolución dos conceptos morais*”. Vemos aquí a faceta do **Nietzsche filólogo**.

A obra está dividida en 3 tratados. O 1ª é “*O bo e o ruín*”, “*O bo e o malo*”.

N. explica que en todas as linguas existía a palabra “bo” (“gut”) = o nobre e aristocrático e a palabra “malo” (“schlecht”) = o simple, vulgar e plebeo. ¡Non é unha división moral! É unha división feita polos nobres e poderosos para poder darse e dar nomes.

Máis tarde aparecerá a contraposición: “bo” (“gut”) fronte a “ruín” (“böse”). ¡Esta si que é unha división moral! Feita polos que antes eran “malos” (simples, vulgares, etc.), que se rebelan e chámanse a si mesmos “bos”, deixando a palabra de “ruíns” (“böse”) para os nobres. ¿Quen fixo isto? ⇒ Nietzsche afirma que os xudeus e os cristiáns.

- O caso Wagner

- O crepúsculo dos ídolos, ou cómo se filosofa co martelo (1.889)

Unha das ideas básicas deste texto é que a verdade -ata agora- é un “ídolo”. Libro demoledor.

- O Anticristo. Maldición contra o cristianismo

- Ecce homo. Cómo se chega a ser o que se é (Autobiografía filosófica)

- Nietzsche contra Wagner.

Aínda escribiu Nietzsche unha gran cantidade de **aforismos e fragmentos**, publicados postumamente baixo o título:

- A vontade de poder

A primeira edición das Obras Completas aparece entre 1.901-1.913. Sen embargo, **a irmá de Nietzsche falsificou numerosos pasaxes, sobre todo das cartas**. A partir de 1.954, e grazas a K. Schlechta, iníciase **a revisión crítica** das obras de Nietzsche, que impulsarían a partir de 1.967, os italianos Colli e Montinari.

=====⌘=====

## B) TEORÍA DE NIETZSCHE

### B.1.- NIETZSCHE: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL

#### (VISIÓN GLOBAL PERSOAL con bastantes textos)

#### 1.- CRÍTICA AOS VALORES DA CULTURA EUROPEA.-

A cultura occidental está viciada dende a súa orixe. O seu erro de base, o máis perigoso: “A racionalidade a toda costa”. É unha cultura RACIONAL E DOGMÁTICA ⇒ DECADENTE ⇒ Oponse á VIDA, aos INSTINTOS.

*“A máis cegadora luz do día, a razoabilidade a calquera prezo, a vida clara, fría, atenta, consciente, sen instinto, en oposición aos instintos era tamén unicamente unha enfermidade, outra enfermidade e, dende logo, ningunha volta á “virtude”, á “saúde”, á “felicidade”... Ter que loitar contra os instintos é a fórmula para chegar á decadencia” (O crepúsculo dos ídolos).*

Este erro procedía xa de Sócrates: *“parecía que era un médico, un salvador”* e de Platón, cando este último inventa o “Espírito puro”, o “Ben en si”:

*“Non se pode negar que o erro máis grave, máis pertinaz e perigoso, que xamais foi cometido foi un erro dogmático, é dicir, a invención do espírito puro e do ben en si por parte de Platón” (Para alén do ben e do mal).* ↗ Toda esta filosofía oponse aos valores biolóxicos.

- Hai que criticar o dogmatismo platónico para eliminar este erro de base. Isto leva a Nietzsche a unha CRÍTICA TOTAL de todos os aspectos da CULTURA EUROPEA.

↗ CRÍTICA Á MORAL

CRÍTICA TOTAL → CRÍTICA Á RELIXIÓN

↘ CRÍTICA Á FILOSOFÍA TRADICIONAL

#### 1.1.- CRÍTICA Á MORAL.-

- Principal erro da moral tradicional ⇒ A súa “ANTINATURALIDADE”. Impón Leis, Decálogos, Normas, Imperativos en contra da VIDA, dos INSTINTOS PRIMORDIAIS DA VIDA:

*“O que me horroriza ante este espectáculo non é o erro en si mesmo, non é a milenaria falta de “boa vontade”, de disciplina, de decoro, de valentía nas cousas do espírito, tal como se evidencia no triunfo desta moral, senón a falta de naturalidade, o feito pavoroso de que a antinaturalidade erixida en moral foi distinguida cos máximos honores, quedando suspendida sobre a humanidade como lei, como imperativo categórico” (Ecce homo).*

- Base filosófica desta moral CONTRA-NATURA: PLATONISMO ⇒ Mundo das ideas ⇒ Serve de “Máis alá” para os cristiáns ⇒ Remata sendo a metafísica cristiá. Centro: a outra vida, non esta vida ⇒ Home celeste.

- Ideal desta moral ⇒ Imperio da virtude ⇒ Facer ao home bo: IDEAL ALIENANTE. O home convértese en escravo desa ficción:

*“¿Queredes que o home, o home bo, sexa modesto, dilixente, benintencionado e moderado? Pois a min se me antolla o escravo ideal, o escravo do futuro” (A vontade de poder).*

- Os valores que prevaleceron ata agora son FICTICIOS, VALORES DOS DÉBILES: compaixón, misericordia, sacrificio. Prevalencia dos INSTINTOS DE DECADENCIA sobre os INSTINTOS DE SUPERACIÓN, de ASCENSIÓN.

E esta prevalencia, este triunfo, conséguese por medios inmorais: violencia, calumnias:

*“O triunfo dun ideal moral lógrase polos mesmos medios “inmorais” que calquera triunfo, a saber: a violencia, a mentira, a difamación e a inxustiza” (A vontade de poder).*

- O moralista despreza os valores do “eu” ⇒ O ALTRUÍSMO (darse aos demais, amor ao próximo, caridade...) convértese na norma suprema de conduta. Para Nietzsche o ALTRUÍSMO = xustificación da decadencia persoal:

*“Cando un home se volve altruísta, quere dicir que está perdido. En vez de dicir inxenuamente: “eu xa non sirvo para nada”, di a mentira moral por boca do decadente: “nada vale nada; a vida non vale nada” (O crepúsculo dos ídolos).*

- A lóxica psicolóxica desta moral consiste nunha ALTERACIÓN DA PERSONALIDADE:

- O PODEROSO, FORTE ⇔ SUPRAHUMANO

- O DÉBIL, VULGAR ⇔ HOME

As accións sublimes, elevadas, non son obra do home, senón doutro “eu” máis perfecto ⇒ DEUS:

*“Resultado: o home non ousou atribuírse a si mesmo os seus momentos pletóricos e portentosos... considerando todo o grande e potente como algo superhumano, o home empequeneceuse a si mesmo, desdobrou as dúas caras -unha moi débil e outra moi forte e portentosa- en dúas esferas separadas chamando á primeira “Home” e á segunda “Deus” (A vontade de poder).*

Por tanto, Nietzsche critica a moral porque **a moral mata á vida. A vida é o único real.** A moral é falsidade, ficción. Di N.: *“O meu principio: non se dan principios morais”.*

### **1.2.- CRÍTICA Á RELIXIÓN CRISTIÁ.-**

#### **A relixión nace do medo, do horror e angustia que ten o home de si mesmo.**

É a incapacidade de ASUMIR O MEU PROPIO DESTINO. Cando me invade un sentimento de poder, mediante un mecanismo de defensa patolóxico atribúollo a outro ser máis poderoso: Deus:

*“Así, o cristián, que é hoxe en día o tipo humano máis inxenuo e regresivo, deriva a esperanza, o sosego, o sentimento de redención dunha inspiración psicolóxica de parte de Deus... Nas razas cordas, fortes e pletóricas é sobre todo o epiléptico quen fai crer na intervención dunha potencia estraña” (A vontade de poder).*

- Por tanto a relixión supón a ALIENACIÓN do home, ao sernos alleos os estados sublimes e actos supremos (FEUERBACH). A Relixión degrada ao home a unha pura ficción mesquiña:

*“Nun tempo os homes crían que se honraban a si mesmos atribuíndo a responsabilidade dos seus actos supremos, non a si mesmos senón a Deus. A inhibición da vontade considerábase como algo que confería aos actos un valor supremo”*

*“A relixión degradou o concepto de “home”; a súa consecuencia extrema é a noción de que todo o bo, grande e verdadeiro é de natureza sobrehumana e só se alcanza por obra de graza...”*

*“O cristianismo absorbeu toda clase de enfermidades, de terras morbosas; o único que puidera reprochárselle é non ter sabido defenderse de contaxio ningún. Pero esta é precisamente a súa esencia: o cristianismo é un tipo de decadencia” (A vontade de poder).*

- O Cristianismo inverteu os valores da vida, inventándose o mundo ideal, celestial, que desvaloriza o mundo terreo:

a) É o extravío máis forte dos instintos, que leva a inventar outro mundo e desprezar este.

b) Só fomenta valores mesquiños: OBEDIENCIA, SACRIFICIO, HUMILDADE ⇒ Son **SENTIMENTOS DO RABAÑO** (Inimigo mortal do Superhome):

*“A submisión das razas señoriais ao cristianismo, é esencialmente, consecuencia da comprobación de que o cristianismo é unha doutrina que predica a obediencia” “O cristianismo é o “advimento” do pesimismo...; o do pesimismo dos débiles, os inferiores, os atribulados e oprimidos” (A vontade de poder).*

O cristianismo é, por tanto, unha **MORAL VULGAR** (como o Platonismo), porque se opón aos valores da **VERDADEIRA VIRTUDE (GALLARDÍA, NOBREZA, MANDO)**:

*“Pois ben, o cristianismo como relixión, é cousa do “vulgus”; é alleo ao tipo máis alto de virtude... extraviou as inclinacións gallardas, xenerosas, ousadas e excesivas da alma forte, ata o extremo da autoaniquilación...” (A vontade de poder).*

c) Fala de PECADO. **O pecado é un atentado contra a vida.**

### **1.3.- CRÍTICA Á FILOSOFÍA TRADICIONAL.-**

Podemos estudar tres aspectos dentro da crítica da filosofía:

a) Crítica da metafísica (Metafísica tradicional)

b) Crítica á lóxica (Metafísica na dimensión lóxico-epistemolóxica)

c) Crítica á ciencia (Aspecto científico-positivo)

a) A Filosofía Tradicional foi a instaurada por Platón: Separación:

- Mundo Sentidos ⇒ Malo, causa de perdición.

- Mundo Ideas ⇒ Mundo perfecto, absoluto.

O Ser, nesta metafísica e 1ª tradicional dogmática sería algo **ESTÁTICO, INMUTABLE, FIXO, ABSTRACTO** (lembrems a Parménides). Para Nietzsche **ESE SER NON EXISTE**. Este ser do metafísico, pensa N., é o máis **BALEIRO** que o home puido imaxinar. Por iso equivale á pura nada:

*“As características que se lle atribuíron ao “verdadeiro ser” das cousas, son as características do non-ser, da nada construíuse o “mundo verdadeiro” a partir da contradición do mundo real: un*

*mundo posible, en efecto, na medida en que unicamente é unha ilusión moral-óptica” (O crepúsculo dos ídolos).*

Para Nietzsche non hai conceptos estáticos. **SÓ EXISTE O DEVIR**. De aí que admire a **HERÁCLITO** (“o único filósofo que non falseou a realidade”), e a **HEGEL** (para quen toda a realidade está en permanente devir dialéctico).

Nietzsche non admite a **KANT** pola separación que este fai entre: FENÓMENO/NÓUMENO ⇒ Para Nietzsche **só existe o Fenómeno**.

b) Para o Lóxico Verdade oponse a Erro. Son dous termos contrarios. O verdadeiro é irrefutable e o falso contraditorio. Nietzsche **rexeita o antagonismo Verdade-Erro**. Danse **ERROS IRREFUTABLES** e **VERDADES CONTRADITORIAS**.

- Outra tese fundamental neste aspecto epistemolóxico da crítica de N. é a da transformación da palabra en **concepto**. A palabra deixou de servir para o seu fin principal, que é expresar vivencias e converteuse en concepto, o que significa **a morte da palabra**. O concepto aplícase a moitas cousas que nunca son iguais. **O concepto é unha metáfora esquecida que esqueceu a súa forza sensible, é unha moeda que perdeu a imaxe e converteuse en mero metal**. Segundo Nietzsche a través dos conceptos **xamais penetramos na realidade das cousas** (nin as categorías kantianas, nin o espazo e o tempo nos permiten achegarnos a algo como a verdade).

c) Nietzsche **critica a matematización do real**. **A ciencia non é a verdadeira interpretación do real**. Nace da repugnancia do intelecto por un suposto caos do mundo exterior e interior:

*“A ciencia foi ata agora un proceso de eliminar a confusión absoluta das cousas mediante hipóteses que o “explican” todo; é dicir, un proceso orixinado na repugnancia do intelecto polo caos. Esta mesma repugnancia fai presa no home cando se considera a si mesmo; quixera facer tanxible tamén o mundo interior mediante un esquema e superar a confusión intelectual” (A vontade de poder).*

Nietzsche non ataca á ciencia en si, senón a unha metodoloxía determinada: **o mecanicismo** e **o positivismo**. Neles prescindimos das calidades propias das cousas. A ciencia só coñece a **CANTIDADE** e o **NÚMERO**. Así **a ciencia esquécese do home, dos seus sentimentos e das súas paixóns, e en último termo da vida**. Por outra parte, N. considera que a ciencia está ao servizo dos intereses do estado.

## **2.- A NOVA TÁBOA DE VALORES.-**

Para Nietzsche a cultura europea chegou xa á súa propia ruína, á **DECADENCIA TOTAL**. De aí a necesidade de **restauración**, de preparar o gran mediodía da Humanidade. Esta é a **tarefa da filosofía, do VITALISMO NIETZSCHEANO: LIBERAR AO HOME DE TODOS OS VALORES FICTICIOS DEVOLVÉNDOLLE O DEREITO Á VIDA, Á EXISTENCIA**.

O concepto de **VALOR** e de valoración son fundamentais en Nietzsche para entender a súa filosofía e a súa crítica á metafísica anterior. O problema da filosofía é precisamente **facere unha “xenealoxía dos valores”**, un estudo sobre a orixe e o nacemento dos valores; a xénese dos mesmos.

N. considera que a nova filosofía debe volver á filosofía na súa orixe, **o filósofo debe ser un artista que use da metáfora e da poesía, abandonando a razón**.

- O Primeiro Paso será **A TRANSMUTACIÓN DE TODOS OS VALORES DA NOSA CULTURA TRADICIONAL**:

*““Hai tantas auroras que non brillaron aínda”-esta lenda india vai inscrita na portada do libro. ¿Onde busca o seu autor esa nova mañá, esa delicada roibén matutina aínda non descuberta con que haberá de despuntar un novo día- ah, toda unha serie, todo un cosmos de novos días? Nunha transmutación de todos os valores, na emancipación do home de todos os valores morais, nun dicir si e ter fe en todo o que ata agora foi prohibido, desprezado e maldicido. Este libro afirmativo derrama a súa luz, o seu amor, o seu cariño, sobre cousas exclusivamente “malas”, devolvéndolles a “alma”, a conciencia tranquila, o sublime dereito e privilexio de existir” (Ecce homo).*

Veremos así a continuación **todas as novas concepcións de Nietzsche**:

**2.1.- A MORTE DE DEUS** (Paso previo)

**2.2.- O NIHILISMO**

**2.3.- A NOVA MORAL**

**2.4.- A NOVA VISIÓN DO HOME. ANTROPOLOXÍA NIETZSCHEANA.**

**2.5.- O SUPERHOME**



## 2.6.- A VONTADE DE PODER

## 2.7.- O ETERNO RETORNO

### 2.1.- A MORTE DE DEUS.-

A morte de Deus significa para Nietzsche unha crítica radical da relixión, da moral e da metafísica. Ceibámonos dun peso que nos oprime: a idea de máis alá, de transcendencia.

A idea de Deus é o que impide ao home ser home, chegar a ser o superhome. Para que viva o home ten que morrer Deus.

Morte de Deus ⇒ Derrubar os piares que sostían a tradición, historia, cultura de occidente (baseados na Idea de Deus).

As raíces da Morte de Deus atópanse en:

- Renacemento: Antropocentrismo.
- Racionalismo: Razón como fundamento de todo (Descartes).
- Ilustración: Poder do pobo, non de Deus.
- Positivismo: Só a ciencia.

Para Nietzsche no Modernismo, na cultura moderna, NON HAI LUGAR PARA DEUS.

Deus é o piar da cultura de occidente. Por fin o home é quen de DESTRUÍLO. Cámbianse así os valores da vella humanidade. Comeza A NOVA, A VERDADEIRA HISTORIA. HOME ⇒ CREADOR DO SEU PROPIO DESTINO.

*“Deus morreu. Viva o superhome” (Así falou Zaratustra).*

(Nietzsche consignou por primeira vez a frase “Deus morreu” no terceiro libro de A Gaia Ciencia. Xa sendo novo acariciara a idea da morte dos deuses. Nuns apuntamentos da época da elaboración da súa primeira obra O nacemento da traxedia grega segundo o espírito da música escribía: *“Creo na sentencia xermánica primitiva “Todos os deuses teñen que morrer”.*

Vexamos fragmentos do libro A gaia ciencia nos que desenvolve o tema da Morte de Deus:

*“¿Non tendes escoitado falar dese home tolo, que, en pleno día, acendía unha lanterna e botaba a correr pola praza pública, berrando sen cesar: “¿Busco a Deus! ¿Busco a Deus!”? Como alí había moitos que non crían en Deus, o seu berro provocou hilaridade. -¿Que, perdeuse Deus?, dicía un. -¿Perdeuse coma un neno pequeno?, preguntaba outro. -¿Ou é que está agachado? ¿Ten medo de nós? ¿Embarcouse? ¿Emigrou? Así berraban mesturando as súa risas. O tolo botouse en riba deles e traspasounos coa ollada. -¿Onde foi Deus? Vóuvolo dicir, berroulles. ¿Matámolo nós, vosoutros e mais eu! ¿Todos nós somos os seus asasinados! Pero, ¿como podemos obrar así? ¿Como podemos variar o mar? ¿Quen nos deu a esponxa para borrar o horizonte? ¿Que fixemos cando xebramos esta terra da cadea do seu sol? ¿Onde lle conducen agora os seus movementos? ¿Lonxe de todos os soles? ¿Non caemos sen cesar? ¿Cara adiante, cara atrás, de lado, de todos os lados? ¿Aínda hai un arriba e un abaixo? ¿Non erramos como a través dunha nada infinda? O baldeiro, ¿non nos persegue co seu bafo? ¿Non vai máis frío? ¿Non vedes escurecer, cada vez máis, cada vez máis? ¿Non é preciso acender lanternas en pleno mediodía? ¿Non escoitamos aínda o ruído dos sepultureiros, que enterran a Deus? ¿Nada cheiramos aínda da descomposición divina? ¿Tamén os deuses se descompoñen! ¿Deus morreu! ¿E somos nós quen lle demos morte! ¿Como nos consolaremos nosoutros, asasinados entre os asasinados? O que o mundo posuía de máis sagrado e máis poderoso perdeu o seu sangue baixo o noso coitelo. ¿Quen borrará de nós ese sangue? ¿Con que auga poderemos purificarnos? ¿Que expiacións, que xogos nos veremos forzados a inventar? ¿A grandeza deste acto non é demasiado grande para nós? ¿Non estamos forzados a trocarnos en deuses, polo menos para parecer dignos dos deuses? Non houbo no mundo acto máis grandioso e as xeracións futuras pertencerán, por mor desta acción, a unha historia máis elevada do que foi deica o presente toda a historia.” (A gaia ciencia).*

Como vemos, a cultura moderna, a conciencia dramática do home moderno cometeu ese tremendo crime. Pero decatámonos nas tres últimas liñas que o asasinato de Deus polo home adquire unha grandeza épica irrepetible.

Máis adiante podemos ler que o único que permanece do Deus morto son as Igrexas, elas son os despojos da divindade asasinada:

*“¿De que serven estas igrexas, se só son as tumbas e os monumentos de Deus?” (A gaia ciencia).*

## 2.2.- O NIHILISMO.-

Non é unha Teoría Filosófica. É un movemento propio da historia da nosa cultura occidental. A forza do espírito de Occidente, cansada, esgotada polos valores inadecuados e ficticios vólvese **nihilista**.  
¿Que significa nihilismo?:

“Significa que se desvalorizan os máis altos valores, falta a meta; falta a resposta ao “¿Por que?” (A vontade de poder).

NIHILISMO ⇒ Consecuencia propia da ausencia de valores, da falta de respostas aos porqués que se tiñan respondido dende Deus. **Sen Deus estamos perdidos, sen compás, no DESERTO DA HISTORIA** ⇒ Pero **¡ESTA PARTE NEGATIVA DE DECADENCIA E DESINTEGRACIÓN ESIXE DIALECTICAMENTE A SÚA PARTE POSITIVA!!**. Negar para afirmar; Destruír para Crear; Aniquilar para Producir ⇒ Desta negación sairán os **NOVOS VALORES** ⇒ **VONTADE DE PODER, SUPERHOME...**

Como conclusión podemos establecer tres momentos ou tres significados no Nihilismo de Nietzsche:

1º) Nihilismo como **Dúbida** absoluta, radical, total. Desorientación, non sentido. (Nihilismo pasivo).

2º) Nihilismo como **Reflexión** (¿Por que chegou Occidente ata aquí?)

3º) Nihilismo como **Nova Valoración** ⇒ A vontade de poder (Nihilismo consumado). Xorde a afirmación, a vontade de poder no seu aspecto positivo. Este nihilismo é un cambio cara a unha nova perspectiva do ser e do home; é o momento da nova valoración sobre a vida, a esperanza: a **“gran aurora”**.

## 2.3.- A NOVA MORAL.-

Fronte á **moral antinatural** da decadencia de Occidente, Nietzsche pretende ofrecer unha **NOVA MORAL** que se basee na vida.

Na obra *A orixe da traxedia grega...*, Nietzsche contrapón a:

⇒ **DIÓNISOS**: Deus da vida, do viño, da embriaguez, da alegría desbordante de vivir.

⇒ **APOLO**: Deus das formas externas. Da aparencia chea de beleza.

### **DIÓNISOS**

- Arte do son, arte da música
- A embriaguez
- Infracción do **Principium individuationis** (principio de individualización): o éxtase, o delirio, o exceso
- A fealdade, o desharmónico, a aceptación da dor e o sufrimento
- O instinto, o inconsciente
- O sátiro: imaxe primordial do ser humano, a natureza aínda non sometida ás esixencias do coñecemento e a cultura.

### **APOLO**

- Arte escultórica, arte da imaxe
  - O soño
- Divinización do **Principium individuationis** (principio de individualización): control do eu, equilibrio, medida.
  - A beleza como proporción, harmonía, negación da dor (o mal) e a violencia
  - Consciencia, racionalidade
- Sócrates: o desenvolvemento esaxerado da racionalidade, a negación dos instintos espontáneos.

Nietzsche di que foi Eurípides quen arroxou da escena a Diónisos e así comeza **A ÉPOCA DAS FORMAS**. O mesmo fixeron Sócrates e Platón ⇒ Acabaron coa arte para optar pola Filosofía baseada no coñecemento das cousas. Nietzsche fala da **arte como salvación**. E afirma que o que se fixo foi **cambiar a VIDA pola Razón que mata a vida**.

### **NOVA MORAL**

Así a nova moral estará baseada en:

- **Desexo apaixonado de Vivir. Exaltación da vida sen traba ningunha.**
- **A vida ten valor por si mesma. Non hai que buscarlle outra explicación.**

- **A vida é o valor absoluto. Non hai que poñerlle normas á vida, senón gozar dela.**

- Hai que valorar:

- **A MORAL DOS SEÑORES.**- Moral cabaleiresca, propia dos espíritos elevados; a que **AMA A VIDA, O PODER, A GRANDEZA, A PAIXÓN, O PRACER.** Moral do Superhome, do que ama a morte de Deus. Moral do **EGOÍSMO.**

fronte a:

- **A MORAL DOS ESCRAVOS.**- Moral dos débiles. **A DOR, A PEQUENEZ, A HUMILDADE, A AMABILIDADE, A COMPAIXÓN, A RESIGNACIÓN, A PACIENCIA** (Moral do Xudaísmo-Cristianismo. Cristo non sería para Nietzsche o Fillo de Deus. É o gran apracible, o home manso, o “bo”. Pero este redentor non é fundador de ningunha igrexa. Para N. o auténtico fundador da igrexa foi **Paulo**. Paulo é o inventor da doutrina do xuízo; este é o medio do que se vale para organizar unha tiranía sacerdotal renovada e máis radical que ningunha outra. Como xa avanzabamos no punto **1.2.**, o Cristianismo sería a máis grande de todas as corrupcións imaxinables, o cambio de todo valor nun non-valor, de toda verdade en mentira e ao revés.) Moral do **ALTRUÍSMO** (Que para N. sería só un **desprezo dun mesmo**).

#### **2.4.- A NOVA VISIÓN DO HOME. A ANTROPOLOXÍA NIETZSCHEANA.-**

Nietzsche analiza ao home dende a visión pesimista da decadencia occidental.

As características poden ser:

a) O home é un **ser miserable, inmundo,** porque **despreza a terra, o corpo, o instinto.**

b) O home é un **ser a medio facer.** Unha **ponte,** un **paso intermedio** entre a **besta** e o **superhome.** Un **tránsito da animalidade á superhumanidade:**

*“Mais Zaratustra contemplou ao pobo e marabillouse. Logo falou así:*

*O home é unha corda tendida entre a besta e o superhome, unha corda sobre un abismo.*

*Un perigoso pasar ao outro lado e unha parada perigosa, un retroceso perigoso, un tremer perigoso e un perigoso estar de pé.*

*A grandeza do home está en ser unha ponte e non unha meta; o que debemos amar no home é que é un tránsito e un ocaso.*

*Eu amo aos que non saben vivir doutro modo que afundíndose no seu ocaso, pois eles son quen pasan ao outro lado.*

*Eu amo aos grandes desprezadores, pois eles son os grandes veneradores, e frechas da ansia cara á outra beira.*

*Eu amo a aqueles que, para afundirse no seu ocaso e sacrificarse, non procuran unha razón detrás das estrelas: senón que se sacrifican á terra para que esta chegue algunha vez a ser do superhome.*

*Eu amo a quen vive para coñecer, e quere coñecer para que algunha vez o superhome viva. E quere así o seu propio ocaso.*

*Eu amo a quen traballa e inventa para lle construír a casa ao superhome e prepara para el a terra, o animal e a planta: pois quere así o seu propio ocaso”. (Así falou Zaratustra).*

c) O home é un **animal fundamentalmente defectuoso:** é como unha **ENFERMIDADE NO UNIVERSO.** É o único animal que non chegou a consolidarse: **está por facer.**

**Vivir humano** ⇒ **Grave Risco** ⇒ **Vencer ao home mediante a superación ou volver á animalidade primitiva:**

*“Evolucionáchedes do verme ao home, e hai en vós aínda moito do verme. Nun tempo fístedes monos, e aínda o home é máis mono que ningún mono. E ata o máis sabio de entre vós non é máis ca un ser híbrido metade planta metade fantasma” (Así falou Zaratustra).*

O home **resístese a abandonar os valores do pasado e dar un novo sentido á humanidade:**

*“Todos os seres, ata hoxe, produciron algo superior a eles; ¿e vosoutros queredes ser o refluxo deste magno fluxo e retroceder ata a animalidade, antes que superar ao home?” (Así falou Zaratustra).*

d) Pero o home a diferenza do animal está **volto ao futuro.** O home concibe **ideais, metas, destinos.** A especie humana está dotada da **forza expansiva que ten a vida.** **Proceso evolutivo constante,** que lle fai ir cara a especies superiores (**DARWIN.**)

#### **2.5.- O SUPERHOME.-**

É un pensamento central de Nietzsche. É a predicación central de Zaratustra:

*“Eu predico ao Superhome; o home é algo que debe ser superado”.*

① **Proceso cara ao superhome.-**

A **transformación do home en superhome** pasa por tres cambios sucesivos:

⊗ **Camelo**.- O espírito do home é primeiro un animal de carga, que obedece ao seu amo sen queixarse. (Home que se inclina ante a omnipotencia de Deus e ante a lei moral).

⊕ **León**.- O home-camelo, cansado polo peso da carga, **rebélase contra o seu amo e derrúba**. Convértese así no home-león, crítico e dono de si mesmo, que di **“eu quero” e impón a súa vontade**. (Destruí os valores establecidos).

⊙ **Neno**.- A medida que se vai quitando as cargas, vaise facendo **o creador** dos seus **propios valores**. O **home-neno busca a afirmación de si mesmo**. **Só así é capaz de chegar a ser o Superhome**.

② **Características do Superhome.-**

**A ANSIA DE VIVIR**.- O superhome preocúpase da **vida, sen ningunha traba**. Valora a **vida corporal**, a **saúde**, o **pracer**, as **paixóns**, a **violencia**, a **vitoria**, o **éxito**.

Virtudes que ama: A **forza física**, o **poder**, a **rebeldía do forte e do poderoso**.

**A SUPERACIÓN**.- Sobre todo, superación da **moral tradicional occidental cristiá**. O Superhome terá que **expulsar do seu interior a Deus**. Non estará sometido a ningunha norma moral, porque **el é a súa propia norma**. Está **alén do ben e do mal**. Rise dos valores tradicionais. É libre de espírito. Debe liberarse das ataduras habituais da vida e renunciar a todo o que os outros loan. **Debe estar por riba dos homes e dos costumes, das leis, das apreciacións tradicionais**. A súa máxima fundamental é **“chega a ser o que es”**, no sentido da máxima diferenciación, do pecharse na **propia excepcionalidade**, na **propia xenialidade**, na busca dunha **soidade inaccesible**.

A súa conciencia é a **conciencia da natureza**. O que favorece á Natureza é bo e o que a prexudica é malo.

**SER SUPERIOR**.- O Superhome é un ser superior, que **di si ás xerarquías entre os homes: a igualdade só leva á MORAL DE RABAÑO, DE ESCRAVOS**. **A igualdade dos homes é un suposto falso**. É o estado democrático quen fabrica ao cidadán igual por medio de leis e pautas uniformadoras. Esta uniformización faise co custo de afogar a expresión da xenialidade das elites e provocar nas masas traballadoras expectativas imposibles de satisfacer. **O Estado democrático é unha organización social decadente**. Esta tendencia agudízase canto maior é o igualitarismo como **no caso do “estado ideal” socialista**.

*“Nalgún lugar existen aínda pobos e rabaños, pero non entre nós, meus irmáns: aquí hai Estados. ¿Estado? ¿Que é iso? ¡Ben! Abride os oídos, pois vou dicirvos a miña palabra sobre a morte dos pobos.*

*Estado chámase ao máis frío de todos os monstros fríos. É frío mesmo cando mente; e esta é a mentira que esvara da súa boca: “Eu, o Estado, son o pobo”.*

*¡É unha mentira! Creadores foron quen crearon os pobos e suspenderon enriba deles unha fe e un amor: así serviron á vida.*

*Aniquiladores son quen poñen trampas para moitos e chámanas Estado: estes suspenden enriba deles unha espada e cen concupiscencias.*

*Onde aínda hai pobo, este non comprende ao estado e ódio, considerándoo mal de ollo e pecado contra os costumes e os dereitos” (Así falou Zaratustra).*

O Superhome debe practicar a **MORAL DOS SEÑORES, DE NOBRES**. O Superhome é **“A NOVA RAZA”, “A NOVA CASTE DE SEÑORES”** (¿Dominar pola forza e a violencia?).

**O CONTACTO COA TERRA**.- O Superhome é fiel ao terreo, ao que pisa. Esquécese das **elucubracións** espirituais e metafísicas. Vive lonxe da idea de Deus. Preocúpalle o **máis acá**:

*“Escoitade e direivos o que é o superhome. O superhome é o sentido da terra. Que a vosa vontade diga: sexa o superhome o sentido da terra. ¡Eu conxúrovos, meus irmáns, a que permanezades fieis ao sentido da terra e non prestedes fe aos que vos falan de esperanzas ultraterreas! Son destiladores de veneno, conscientes ou inconscientes. Son desprezadores da vida; levan dentro de si o xerme da morte e*

*están eles mesmos envelenados. A Terra está cansada deles; ¡morran pois dunha vez!*” (Así falou Zaratustra).

**O PODER.**- O Superhome vive a **vontade de poder**. Vontade de dominar, recrear o mundo e os seus valores.

**O RETORNO.**- O Superhome é o ser que vive **o eterno retorno**. É coma un ser atado a unha nora que dá voltas sen cesar nunha vida interminable.

### **2.6.- A VONTADE DE PODER.-**

*“Onde vin un ser vivo, alí atopei vontade de poder... Só alí onde hai vida hai vontade. Pero non simple vontade de vivir... senón vontade de dominio”.*

Vontade de poder significa para Nietzsche **vontade de dominio, forza, impulso vital, emoción, paixón, vontade de poderío, a lei do máis forte**. (Exaltación da FORZA e da AGRESIVIDADE) ⇒ Influencia de DARWIN.

A vontade de poder é unha forza afirmativa: afirma a terra, a vida total. Descubre a **alegría** como o único móbil da filosofía. A vontade de poder é unha **forza activa** que consiste en manifestarse e expandirse sen cesar. Colocarse alén do ben e do mal é o camiño cara a vontade de poder, a cal non aparece limitada por nada.

Coa vontade de poder exáltase a **creatividade do home**, afirmase a vida terrea.

### **2.7.- O ETERNO RETORNO.-**

Sinala Nietzsche que a Teoría do Eterno Retorno é o seu pensamento máis profundo. Realmente foi concibida polo propio Nietzsche como a culminación do seu pensamento. É un **SI Á VIDA** tan forte que non soamente afirma os valores desta terra, senón o seu **“DESEXO DE QUE SE REPITA ETERNAMENTE”**:

*“Toda alegría quiere eternidade das cousas, quiere profunda eternidade”*

Nas súas obras propón varias formulacións, que van desde as que poden ser consideradas como “científicas” ata as plenamente metafóricas, poéticas. Efectivamente, hai unha formulación que pode ser tomada como estritamente física -perfectamente coherente ou polo menos compatible cos principios da física matemática- para esta teoría. Podemos resumila así:

-As cantidades de materia e enerxía de que se compón o Universo constitúen magnitudes finitas. Enormes, dende longo, pero finitas. Isto quere dicir que as posibilidades de combinacións que se poden establecer entre elas -enerxía máis materia-, e polo tanto a cantidade de Universos posibles (ou de modos de ser do Universo) constitúen á súa vez tamén un número finito. Pola contra, o tempo é infinito. En consecuencia, a totalidade de combinacións posibles daranse necesariamente. Pero ademais -posto que calquera número finito multiplicado por infinito dá infinito- cada unha das combinacións producirase infinitas veces.

Agora ben, a nosa vida, esta vida que ti e mais eu estamos vivindo, é unha combinación efectiva do Universo. Logo, **esta combinación está destinada a repetirse unha e outra vez, infinitas veces**.

Por isto conclúe Nietzsche que **O ETERNO CICLO DO MORRER E VOLVER VIVIR REPÍTESE ETERNAMENTE PARA TODOS:**

*“Nós xa temos vivido (existido) unha infinidade de veces e todas as cousas con nós”.*

Esta VIDA ⇒ **VIVILA INFINITAS VECES CON CADA DOR E CADA ALEGRÍA.**

**ETERNO RETORNO ⇒ REPETICIÓN DOS MESMOS ACONTECEMENTOS NOS MESMOS INDIVIDUOS.**

Esta vida, todas as vidas, *“co máis grande e o máis pequeno”*, con cada intre e cada cousa, aínda a máis insignificante: **“tamén aquela araña”**, na mesma orde e sucesión, todo repetirase infinitamente sen ningunha variación.

Hai nesta idea algo de **terrible**, algo unha vez máis, de **tráxico**. Nietzsche, denuncia a ilusión da inmortalidade ofrecida pola relixión monoteísta:

*“Cando se coloca o centro de gravidade da vida non na vida, senón no “máis alá” -na nada- quitóuselle á vida como tal o centro de gravidade” (O Anticristo).*

Pero concede ao home a inmortalidade a cambio de aceptar que esta non ten lugar en ningún outro tempo nin condición máis que neste único mundo e nesta única vida. **Non hai outra vida senón esta, e esta é a vida inmortal.**

O pensamento de que esta vida, tal como a temos vivido, terá que ser revivida outra vez e unha cantidade innumerable de veces, que non haberá nada novo e que todas as cousas (grandes e pequenas) volverán para nós na mesma sucesión e orde, este pensamento é tal que pode sumir na desesperación ao home máis aparentemente forte.

Entón, ¿quen pode aturar esta idea, quen é capaz de aceptar o eterno retorno, de chegar a desexar que retorne o que xa sucedeu? ¿Quen é capaz de confrontar a propia vida, a insignificancia aparente de cada instante, para pensala e pensalo como un eterno repetirse inacabable?

**Só aquel que ame a vida e a si mesmo alén de todo límite, para non desexar outra cousa que esta eterna e suprema confirmación. Unha vez máis, SÓ O HOME DIONISIACO, o home capaz de aceptar a vida na súa plenitude, de vivir mesmo os momentos máis dolorosos e insufribles, porque todo se xustifica en función de sentir a sensación de eternidade vivida que se acada neses intres escasos pero cheos de éxtase absoluto. Eses intres diante dos cales o home pode dicirse: A VIDA PAGOU A PENA PARA PODER VIVIR ISTO.**



## **B.2.- NIETZSCHE: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL** (VISIÓN GLOBAL “ACADÉMICA” para complementar)

De acordo cos principios da filosofía de Nietzsche : **VIDA COMO ÚNICO VALOR ABSOLUTO, NEGACIÓN DO SER E AFIRMACIÓN DO DEVIR, IRRACIONALISMO ÓNTICO E FENOMENISMO RESPECTO DA NATUREZA DA REALIDADE, E PERSPECTIVISMO RESPECTO DO COÑECEMENTO; NIETZSCHE VAI REALIZAR UNHA CRÍTICA DEMOLEDORA DA CULTURA OCCIDENTAL EN TÓDOLOS CAMPOS.** Imos ver polo miúdo os tres eixos nos que a desenvolve: **METAFÍSICA, MORAL E RELIXIÓN.**

### ***Crítica da metafísica tradicional***

Nietzsche vai realizar unha dobre crítica con respecto á metafísica tradicional. Por unha banda criticará a visión da realidade que se ten transmitido mediante a filosofía (dualismo ontolóxico) e, por outra, rexeitará a pretensión de acadar un coñecemento racional, firme e seguro sobre o real.

#### **ASPECTO ONTOLÓXICO DA CRÍTICA DA METAFÍSICA TRADICIONAL**

A ontoloxía tradicional é estática porque considera ao ser como algo fixo, inmutable; agora ben, ese ser non se deixa ver (tal e como di a metafísica que é) neste mundo onde todo é aparencia e falsidade dos sentidos. O que o home coñece do ser é mera aparencia; polo que **BUSCA NOUTRO MUNDO A SEGURIDADE DE VERDADE.** O filósofo dogmático dedícase, segundo Nietzsche, a buscar, **A INDAGAR POR RIBA DO MOVEMENTO DO MUNDO.**

Esta separación entre “ser real” e “ser aparente” é xa un xuízo valorativo sobre a vida e, concretamente, negativo, porque **PON MÁIS PESO NO MUNDO DAS IDEAS (O REAL PARA OS FILÓSOFOS) QUE NO MUNDO DOS SENTIDOS (IRREAL, APARENTE).** Pero a cousa é que **NON EXISTE, SEGUNDO NIETZSCHE, MUNDO APARENTE E MUNDO VERDADEIRO, SENÓN O DEVIR CONSTANTE DO SER CREANDO E DESTRUÍNDO O MUNDO. ❀\*❀\* A ONTOLOXÍA TRADICIONAL BASÉASE, A XUIZO DE NIETZSCHE, NOS PREXUIZOS DOS FILÓSOFOS CONTRA Á VIDA: O MEDO Á MORTE, AO CAMBIO, ETC.. ❀\*❀\*❀\*❀\***

A metafísica tradicional toma como verdadeira a reflexión da razón sen darse conta de que **o que fundamenta esa reflexión non é a lóxica, senón a necesidade que ten o ser humano de sobrevivir nun mundo onde todo é devir.!!!**

**TANTO O PLATONISMO COMO O KANTISMO TEÑEN A NECESIDADE DE RACIONALIZAR O IMPOSIBLE DE RACIONALIZAR, A SABER, O SER COMO DEVIR.** Isto os leva a **INVENTAR FICCIÓNS LÓXICAS E “MODELOS” DE COÑECEMENTO DE FORMA TAL QUE NOS PERMITAN ACADAR UNHA ESTABILIDADE FRONTE AO QUE, EN SI MESMO, É CAOS** (caos no senso de que non existen nin lei nin orde sobrenaturais). **OS FILÓSOFOS SE TEÑEN DEDICADO ATA A ACTUALIDADE A “MOMIFICAR” O DEVIR DO SER MEDIANTE CONCEPTOS COS QUE ETIQUETAN A REALIDADE. ❀\*❀\*❀\*❀\***

Nietzsche NON PERDOA CASE NADA Á FILOSOFÍA OCCIDENTAL, SÓ PARECE SALVAR A HERÁCLITO: *“Todo o que os filósofos veñen manexando dende hai milenios son momias conceptuais: das súas mans non saíu nada vivo, nada real”.* EN DEFINITIVA, O ERRO SUPREMO DA METAFÍSICA FOI HABER ADMITIDO UN MUNDO “VERDADEIRO” FRONTE A UN MUNDO “APARENTE”, CANDO SÓ ESTE ÚLTIMO É REAL.

#### **ASPECTO EPISTEMOLÓXICO DA CRÍTICA DA METAFÍSICA TRADICIONAL**

TODA PALABRA CONVÉRTESE EN CONCEPTO DENDE O MOMENTO EN QUE DEIXA DE SERVIR XUSTAMENTE PARA EXPRESAR A “VIVENCIA ORIXINAL”, ÚNICA E INDIVIDUALIZADORA, Á QUE DEBE A SÚA ORIXE. Preténdese que o concepto sirva para expresar unha multiplicidade de cousas ou realidades individuais, o que, rigorosamente falando, di Nietzsche, non é máis cun conxunto de xeneralizacións, ilusións, que o uso e a costume foron impondo. **PETRIFICACIÓNS DAS METÁFORAS VIVAS.** Nietzsche vai poñer en dúbida, xa que logo, que cos conceptos aprehendamos a verdadeira realidade do ser que é o devir e o cambio (**CRÍTICA DO CONCEPTO**)

Nietzsche tamén **CRITICA O CONCEPTO DE VERDADE, MODIFICÁNDOO**. Non só o seu pensamento é un **FENOMENISMO** (o fenómeno ou aparencia é todo o que hai) senón que **NON ADMITE “VERDADES EN SI”**. Unha verdade é “verdadeira” (válida) polo seu valor pragmático: **É VERDADE O QUE AUMENTA O PODER, O QUE SERVE Á VIDA** 🌟🌟. En contra do **dogmatismo epistemolóxico**, Nietzsche defende un **PERSECTIVISMO**: “*Non hai feitos, senón interpretacións. Non hai cousas en si, senón perspectivas*”. **A PREGUNTA : ¿QUE É ISTO? NON É SENÓN A PREGUNTA: ¿QUÉ É ISTO PARA MIN?** 🌟🌟

“*O espírito humano non pode facer outra cousa que verse a si mesmo nas súas propias perspectivas. Énos imposible saírmos do noso ángulo visual...O mundo vólvese por segunda vez infinito para nós, xa que non podemos refutar a posibilidade de que sexa susceptible de interpretacións infinitas*” (**crítica do concepto de verdade** e proposta dun criterio pragmático)

Nietzsche, ademais, **CRITICARÁ AS CIENCIAS POSITIVAS POLA MATEMATIZACIÓN QUE FAN DO REAL**. Esa cuantificación do real tende a anular as diferenzas que existen entre as cousas. **QUERER REDUCIR TÓDALAS CALIDADES A CANTIDADES É UN ERRO E TOLERÍA**. 🌟🌟

Nietzsche non ataca á ciencia en si, senón a unha metodoloxía determinada (o mecanicismo e o positivismo da súa época).

**A CIENCIA SÓ COÑECE CANTIDADE E NÚMERO, NADA SABE DA PAIXÓN, DA FORZA, DO AMOR, DO PRACER, ETC. NIN A FÍSICA, NIN A QUÍMICA, NIN AS MATEMÁTICAS EXPLICAN O HOME SENÓN QUE É ESTE QUEN AS EXPLICA A ELAS**. 🌟🌟🌟

Por outra banda, a ciencia tense convertido nunha nodriza que está ao servizo dos intereses creados, particularmente o Estado a ten tomado ao seu servizo coa finalidade de explotala para os seus fins.(**crítica da ciencia imperante**). 🌟

Inventar un mundo distinto a este implica ter receo contra á vida. NESTA DUPLICIDADE DE MUNDOS TEN O PUNTO TEÓRICO DE ARRANQUE A MORAL ANTINATURAL.

### **Crítica da moral e da relixión.**

Nietzsche **NON CRITICA TODO TIPO DE MORAL SENÓN A MORAL “CONTRANATURAL”, É DICIR, AQUELA MORAL QUE SE OPÓN Á VIDA, QUE ESTABECE LEIS E DECÁLOGOS EN CONTRA DOS INSTINTOS VITAIS PORQUE PREFIRE A INHIBICIÓN Á EXUBERANCIA**. 🌟🌟🌟 A BASE FILOSÓFICA DA MORAL CONTRANATURAL É O PLATONISMO. **O PLATONISMO ACABOU CONVERTÉNDOSE NA METAFÍSICA CRISTIÁ**.

🌟🌟 Esta moral pon o centro de gravidade no home non nesta vida senón na outra. Nietzsche non atopa palabras suficientemente duras para cualificar o que nomea, ás veces, “**COMLOT DO CRISTIANISMO**”: “*A vida acaba onde comeza o reino de Deus*”.

A MORAL, COMO XUÍZO VALORATIVO SOBRE A VIDA -E COMO TEN SIDO ENSINADA E IMPOSTA COMO “NORMA DE CONDUTA” EN OCCIDENTE- NON É SENÓN UN SÍNTOMA DA “DECADENCIA”.

O que, en substancia, se critica é a idea dun orde moral do mundo que, a xeito de guía, serva para dirixir a historia do home.

**O problema moral é un dos temas fundamentais da filosofía de Nietzsche. VE NA MORAL TRADICIONAL A FORZA TERRIBLE E ENGANADORA QUE CORROMPEU Á HUMANIDADE. NIETZSCHE DÁSE CONTA DISTO E PROPONSE CRITICAR TÓDOLOS ASPECTOS E FORMAS DA MORAL, OS SEUS FUNDAMENTOS, AS SÚAS LEIS, AS VIRTUDES,, OS SACERDOTES E OS FILÓSOFOS QUE IMPUXERON A MORAL AOS POBOS** 🌟🌟🌟

### **A MORAL DOS SEÑORES E A MORAL DOS ESCRAVOS**

Nietzsche **DISTINGUE DOUS TIPOS DE MORAL: A DOS SEÑORES E A DOS ESCRAVOS. A MORAL DOS SEÑORES CARACTERÍZASE POLA SEGUINTE TÁBOA DE VALORES: O SEÑOR É FORTE E PODEROSO, SABE DOMINAR E DOMINARSE, É DURO PARA SI E PARA OS MAIS, DESPREZA A DEBILIDADE, A COVARDÍA, O MEDO, A ADULACIÓN, A HUMILDADE, E, ESPECIALMENTE, A MENTIRA. TAMPOUCO ESTIMA A PIEDADE, NIN**



**O DESINTERESE, ADMIRA A FORZA, A ASTUCIA E A AUDACIA. POR RIBA DE TODO AMA A VIDA, ESTA VIDA: A ÚNICA QUE HAI. 🌹🌹🌹🌹**

**A MORAL DOS ESCRAVOS É A MORAL DA PIEDADE, DA COMPAIXÓN, DO DESINTERESE, DA PACIENCIA, DA CASTIDADE, DA BENEVOLENCIA, DO PACIFISMO E, ESPECIALMENTE, DO PESIMISMO ANTE ESTA VIDA E QUE PROCURA REFUXIARSE NO ESPECTRO DUN MÁIS ALÁ. 🌹🌹🌹**

Porén non sempre a moral dos escravos ten dominado, nos antigos gregos, anteriores a Sócrates (ao que Nietzsche acusa de ter iniciado a moral de escravos en Grecia), rexía unha moral de señores, tal e como pode verse nas obras de Homero (moral agonal). E de xeito análogo pasou entre os persas ata que apareceu a figura de Zaratustra (predicador dunha moral de escravos). Así mesmo, **A CAUSA PRINCIPAL DO IMPERIO ACTUAL DA MORAL DE ESCRAVOS ESTÁ NO XUDAÍSMO E O SEU HERDEIRO O CRISTIANISMO. 🌹🌹🌹** Nietzsche ten ATACADO FEROSAMENTE A ÁMBALAS DÚAS RELIXIÓNS: “*Os xudeus teñen sido os peores adversarios da ecuación dos valores aristocráticos (bo=nobre=poderoso=belo=feliz=querido polos deuses); con lóxica arrepiante teñen intentado derrubala, a teñen atado cos garfos do máis profundo odio -o odio do impotente- e se teñen mantido firmes. Só os inferiores, din, son os bos; só os pobres, os impotentes, os febles son os bos; só os pacientes, os miserables, os enfermos, os eivados son tamén os únicos piadosos, os únicos queridos por Deus; só a eles lles está reservada a felicidade. ¡Vós, pola contra, os nobres e os poderosos; vós que sodes, para sempre, crueis, sensuais, insaciáveis, impíos, seredes, así mesmo, eternamente desgraciados, malditos réprobos!*”.

O CRISTIANISMO, POLA SÚA BANDA, TEN IMPOSTO ESTA TÁBOA DE VALORES Á CULTURA EUROPEA. **O SACERDOTE CRISTIÁN NON FIXO OUTRA COUSA QUE CONTINUAR A OBRA DO SACERDOTE XUDEU. 🌹🌹🌹** Nietzsche describirá como **conseguiron degradar a pura moral dos señores para facer dos seus defectos e vicios as únicas virtudes**: “*E a impotencia queda cambiada en bondade; a baixeza disfrazada de humildade; a submisión aos que se odia en obediencia (dirixida a un ser que, segundo din, esixe submisión e ao que chaman Deus). A pasividade dos febles, a covardía de que rebordan, a timidez, está bautizada cun fermoso nome: a paciencia, que tamén pasa, sen dúbida, por ser unha virtude; o seu non podo vingarme convértese nun non quero vingarme ou ben nun lles perdoar*”.

ESTA LOITA ENTRE DOUS TIPOS DE MORAL TERMINOU COA VITORIA DOS ESCRAVOS. Os señores teñen sido abolidos e a moral dos escravos, do populacho, triunfou sobre outro ideal máis nobre.

**ESTA DECADENCIA MANIFÉSTASE NO CAMPO POLÍTICO NA DEMOCRACIA, PARA A QUE NIETZSCHE TIVO PALABRAS MOI DURAS: É O IMPERIO DOS MEDIOCRES, QUE COA IGUALDADE DE VOTO QUEREN EQUIPARARSE AOS HOMES SUPERIORES, É A FORMA NA QUE O IMBÉCIL, O IMPOTENTE E O ESCRAVO CONSEGUEN IGUALARSE AO XENIO, AO PODEROSO, E AO FORTE. 🌹🌹🌹**

(Nota: A crítica da relixión complétase co que se pode ver no apartado seguinte)

## **O nihilismo e a transmutación dos valores.**

“*QUE OCORREU CON DEUS? EU VOLO DIREI. NÓS O ASASINAMOS, VÓS E EU. NÓS SOMOS OS SEUS ASASINOS!*” A civilización occidental, pouco a pouco e por diversas razóns, foise apartando de Deus: así é como o matou. Porén, **AO MATAR A DEUS, ELIMÍANSE TÓDOLOS VALORES QUE SERVEN DE FUNDAMENTO A NOSA VIDA E, XA QUE LOGO, PÉRDESE TODO PUNTO DE REFERENCIA. 🌹🌹🌹** Eliminamos o mundo do sobrenatural e ao facelo tamén rachamos a táboa de valores ligada con el. **ATOPÁMONOS ASÍ CON QUE O HOME VELLO DESAPARECEU, PERO O HOME NOVO AÍNDA NON TEN APARECIDO.**

**A MORTE DE DEUS E O MÁIS GRANDE DOS FEITOS**. É un acontecemento que divide a historia da humanidade. **NON É O NACEMENTO DE CRISTO SENÓN A MORTE DE DEUS A QUE DIVIDE A HISTORIA DA HUMANIDADE. 🌹🌹🌹**. **ZARATUSTRA COMEZA POR ANUNCIAR ESTE ACONTECEMENTO -A MORTE DE DEUS- E LOGO, POR RIBA DAS CINZAS DE DEUS, ERGUERÁ A NOCIÓN DO SUPERHOME, DO HOME NOVO,**

**DOMINADO POLO IDEAL DIONISIACO, QUE AMA Á VIDA E QUE, VOLVÉNDOLLE AS COSTAS AS QUIMERAS DO CEO, VOLVERÁ Á SAUDABLE TERRA. ❀❀❀❀**

As cousas por si mesmas carecen de valor moral. É o home o creador dos valores. Sendo o home o creador dos valores, o único xeito de xulgalos, de criticalos, é referilos á vida. O ateísmo de Nietzsche é propio da nova cultura que propugna. O ateísmo significa para el a liberación de tódalas trabas morais que impiden a libre expansión dos instintos vitais. O SEU BERRO DE GUERRA: “DEUS MORREU” É A SÚA FONDA MANIFESTACIÓN. AÍNDA QUE SE CHAMABA A SI MESMO “O INMORALISTA”, ISO NON SIGNIFICA QUE FOSE AMORAL. A SÚA MORAL VAI POR CAMIÑOS MOI DIFERENTES AOS DO CRISTIANISMO, SINXELAMENTE. ❀❀

O NIHILISMO NON É UNHA DOUTRINA FILOSÓFICA SENÓN UN MOVEMENTO HISTÓRICO, O MOVEMENTO PECULIAR DA CULTURA OCCIDENTAL. O nihilismo vai ser a consecuencia da morte de Deus e do derrubamento de tódolos valores que se tiñan asentado en Él. **Os valores supremos perderán validez, a civilización occidental quedará sen os valores que ata entón posuía e perderase o sentido da existencia, toda meta, todo “para que”.** Tal estado aínda non tiña chegado na época de Nietzsche pero xa se anuncia nela o pesimismo, a decadencia e o esgotamento xerais. Cando apareza plenamente, **SERÁ O TEMPO DE “ O DERRADEIRO HOME”.**

Nietzsche vai distinguir DOUS TIPOS DE NIHILISMO:

**Nihilismo pasivo:** Prodúcese cando a vontade de poder diminúe ou se esgota. Tódolos valores creados pola cultura occidental son falsos valores, son a negación mesma da vida e, proceden, no fondo, “dunha vontade da nada”. Neste senso, nihilismo é a consecuencia da interpretación que se ten feito do valor da existencia. **CANDO TODOS ESES VALORES SE DERRUBEN, E SE DERRUBARÁN NECESARIAMENTE PORQUE SON ILUSORIOS, CHEGARÁ O NIHILISMO NECESARIAMENTE.**

**Nihilismo activo:** Contra ese nihilismo pasivo quere reaccionar Nietzsche co seu nihilismo activo. Por unha banda é **“UNHA POTENCIA VIOLENTA DE DESTRUCCIÓN”❀❀❀❀**, que procede dun crecente poder do espírito, para o que os valores ata o momento vixentes xa non poden ter tal vixencia. É UN NIHILISMO ACTIVO PORQUE, NESTE CASO, OS VALORES NON SE DERRUBAN POR SI MESMOS, SENÓN QUE SON DESTRUÍDOS DIRECTAMENTE POLA VONTADE DE PODER (QUE DI: NON A ESES VALORES). Pola outra banda, é a condición para que, de seguido, A VONTADE DE PODER CREE NOVOS VALORES (CO QUE SE MANIFESTA O SI DO SUPERHOME Á VIDA).

Toda a crítica da cultura occidental feita por Nietzsche é manifestación deste nihilismo activo que intenta adiantarse ao nihilismo pasivo e crear **UNHA NOVA CIVILIZACIÓN ANTES DE QUE SE DERRUBE DEFINITIVAMENTE A ANTIGA ❀❀❀❀.** O FILÓSOFO (NIETZSCHE, ZARATUSTRA) NON É O SUPERHOME SENÓN A DERRADEIRA DAS CARAS DO NIHILISMO, A MÁIS DESTRUTIVA, PERO NECESARIA PARA PODER CONSTRUÍR DESPOIS.



## C) RELACIÓN DE NIETZSCHE COA HISTORIA DA FILOSOFÍA ("XERAL")

Nietzsche **ABRE AS PORTAS DA POSTMODERNIDADE FILOSÓFICA** no sentido en que amosa antes que moitos a conciencia da inexistencia dun fundamento, dun metarrelato que dea sentido as explicacións da realidade. Con el o pensamento sabe que os seus conceptos non son senón restos de metáforas e, deste xeito, **AS FRONTEIRAS ENTRE A ARTE E A FILOSOFÍA SE DESDEBUXAN.** Con Nietzsche O PENSAMENTO TOMA CONCIENCIA DE QUE NON É MÁIS CA UNHA ACTIVIDADE MENTAL, concretada en linguaxe e en estilo e que carece da protección - supostamente proporcionada pola lóxica- **FRONTE Á ARBITRARIEDADE.** A escisión tradicional entre forma e contido do pensamento desaparece, así como as pretensións de verdade da filosofía fronte ás experiencias estéticas do real. A VERDADE DA ARTE, DA METÁFORA, É A DA AFIRMACIÓN DA MENTIRA, DO SIMULACRO, DO DISIMULO. **FRONTE AO CONCEPTO, A MENTIRA DA ARTE, POR SER CONSCIENTE, É MÁIS "VERDADE": A ARTE É VONTADE DE VERDADE.** Agora ben, só é verdade neste respecto: como **AFIRMACIÓN DA VIDA E DA VONTADE DE PODER, PERO NON COMO NARCÓTICO FRONTE A UNHA REALIDADE COA QUE HAXA QUE RESIGNARSE (ISTO EXPLICA O DISTANCIAMENTO FRONTE Á ARTE ROMÁNTICA, CRISTÍ E NACIONALISTA DE SCHOPENHAUER E WAGNER).**

Tanto Nietzsche como o filósofo do século XX **M. Foucault**, fundamente influído por el, **NEGAN A EXISTENCIA DUNHA ESENCIA DA HUMANIDADE, DUNHA NOCIÓN XENÉRICA DESTA. AFIRMAN O SINGULAR CONCRETO**, os corpos coa súa vontade de poder. De tales teses **SACARON OS FILÓSOFOS FILONAZIS A IDEA FALSA DE QUE NON PODE HABER UNHA LECTURA INDIVIDUALISTA DA AFIRMACIÓN DESE CORPO SINGULAR E CONCRETO E, POLO TANTO, ESTES CORPOS TEÑEN QUE INTEGRARSE NUNHA UNIDADE CONCRETA DE RANGO SUPERIOR: POBO, RAZA, ETC. AÍ ESTÁ A CLAVE DUNHA FALSIFICACIÓN IDEOLÓXICA FAVORECIDA POLA SÚA IRMÁ ELISABETH E O SEU MARIDO. RESPECTO DO ANTISEMITISMO PODERÍAMOS DICIR OUTRO TANTO, PARA NIETZSCHE É UNHA IDEOLOXÍA DE MEDIOCRES. 🌟\*🌟\*🌟\*🌟\***

Polo fondo materialista da súa concepción do mundo, Nietzsche enlaza con tódalas correntes de pensamento do positivismo e materialismo evolucionista modernos, aínda que garde distancias noutros aspectos como a diferente consideración da ciencia e o seu valor. Mesmo podería salientarse tamén A SÚA VINCULACIÓN Á CRÍTICA HUMEANA DA SUBSTANCIA E A CAUSALIDADE. Tense anticipado aos movementos do neopositivismo e estruturalismo actuais polo seu nominalismo e a súa afirmación de que a metafísica é a "gramática popular". Finalmente, sinalaremos a súa forte influencia e HEIDEGGER, importante filósofo do s. XX, e a súa reflexión sobre a ausencia do fundamento.



## D) TEXTOS NIETZSCHE

### F. NIETZSCHE, texto 1

#### O crepúsculo dos ídolos

Historia dun erro

1. O mundo verdadeiro acadable para o sabio, o piadoso, o virtuoso, – el vive nel, el *é ese mundo*.

(A forma máis antiga da Idea, relativamente intelixente, simple, convincente. Transcrición da tese “eu, Platón, *son a verdade*”.)

2. O mundo verdadeiro, polo de agora inacadable, prometido, porén, para o sabio, o piadoso, o virtuoso (“para o pecador que fai penitencia”).

(Progreso da Idea: tórnase máis sutil, máis insidiosa, máis incomprendible, – *faise femia*, *faise cristiá*...)

3. O mundo verdadeiro, inacadable, indemostrable, imprometible, mais, en canto pensado, un consolo, un deber, un imperativo.

(No fondo o vello sol, mais a través da néboa e o escepticismo; a Idea *faise sublime*, *pálida*, *nórdica*, *königsbergiana*.)\*

4. O mundo verdadeiro – inacadable? En todo caso, inacadado. E en canto inacadado tamén descoñecido. En consecuencia, tampouco consolador, salvador, obrigatorio: por que había de obrigar nos algo descoñecido?

(Mañá gris, primeiro bocexo da razón. Canto do galo do positivismo.)

5. O “mundo verdadeiro” – unha Idea que xa non serve para nada, xa nin tan sequera obrigatoria, – unha idea que se tornou inútil, superflua, unha Idea xa que logo *desmentida*: ¡eliminémola!

(Día claro; almorzo; retorno don *bon sens* [sensatez] e da ledicia; rubor avergoñado de Platón; barullo infernal de todos os espíritos libres.)

6. Eliminamos o mundo verdadeiro: que mundo nos queda? o aparente tal vez?... Pois non! *Co mundo verdadeiro eliminamos tamén o mundo aparente!*

(Mediodía; instante da sombra máis curta: final do máis grande erro: apoxeo da humanidade: INCIPIT ZARATHUSTRA [comeza Zaratustra].)

F. NIETZSCHE; *O crepúsculo dos ídolos*, “Como o ‘mundo verdadeiro’ deu finalmente en fábula” Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

\*Königsberg: capital da Prusia oriental, onde naceu e viviu I. Kant.

## F. NIETZSCHE, texto 2

### Fragmentos póstumos 1887-1889

*Crítica do nihilismo*. 1. (...) O nihilismo como estado psicolóxico ten aínda unha *terceira e derradeira* forma. Dados estes dous *recoñecementos*, que co devir nada se obtén e que non hai unidade que rexa o devir, na cal o singular poida subsumirse completamente como nun elemento do máis alto valor: non queda máis *saída* que condenar como fraude todo este mundo do devir e imaxinar un mundo que queda alén daquel, en canto mundo *verdadeiro*. Mais non ben o home vai tras el, como queira que ese mundo está construído apenas de necesidades psicolóxicas e para iso carece de todo dereito, xorde así a derradeira forma do nihilismo, a cal se cifra na *falta de fe nun mundo metafísico* –que se prohíbe a crenza nun mundo verdadeiro. Chegados a este punto cómpre admitir a realidade do devir como única realidade, fica vedado calquera tipo de camiño oculto aos transmundos e falsas divindades – *mais non se atura este mundo que xa nin queremos negar...*

—No fondo que sucedeu? Chegamos ao sentimento de *ausencia de valor* cando comprendemos que non é lícito interpretar o carácter total da existencia nin co concepto de “*fin*”, nin co concepto de “*unidade*”, nin co concepto de “*verdade*”. Con eles non se obtén nin se acada nada; a multiplicidade do acontecer carece dunha unidade que a transcenda: o carácter do existir non é “*verdadeiro*”, é *falso...*, non hai xa absolutamente ningunha razón para non quitar da cabeza a idea dun mundo verdadeiro...

En suma: retiramos agora as categorías “*fin*”, “*unidade*”, “*ser*”, coas que nós engadimos un valor ao mundo – e agora o mundo aparece sen valor...

F. NIETZSCHE; *Fragmentos póstumos 1887-1889*. 11 [99] / (351)  
Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

## F. NIETZSCHE, texto 3

### A gaia ciencia, ("La gaya ciencia"),

341. *O peso máis grande.*— E se un día ou unha noite un demo vai tras de ti ás agachadas deica a máis solitaria das túas soidades e che di: “Esta vida, como ti agora a vives e como a tes vivido, terala que vivir unha vez máis e innumerables veces máis; e nela non haberá nada novo, senón que cada dor e cada pracer e cada pensamento e suspiro e todo o indiciblemente pequeno e grande da túa vida terá que tornar a ti, e todo na mesma orde e sucesión – e así esta araña e este luar entre as árbores, e así este intre e eu mesmo. O eterno reloxo de area da existencia é virado sempre de novo – e ti con el, migalliña de po!”? Non te botarías polo chan renxendo os dentes e maldicindo o demo que así che falou? Ou é que ti algunha vez viviches un instante inmenso, no que lle responderías: “ti es un deus e eu nunca oín nada tan divino!”? Se tal pensamento se apoderase de ti, tal como ti es agora, te transformaría e quizá te esmagaría; a pregunta sobre todas e cada unha das cousas “queres isto outra vez e innumerables veces máis?” gravitaría sobre a túa acción como o peso máis grande! Ou, como terías que estar reconciliado contigo mesmo e coa vida para non *desexar xa nada máis* que esta última eterna confirmación e resolución?

F. NIETZSCHE; *A gaia ciencia* («*La gaya ciencia*»), Libro IV, § 341 Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)